

**Resolución do 2 de decembro de 2014, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, pola que se lle dá publicidade a diversos acordos referentes ao quinto exercicio do proceso selectivo.**

En sesión que tivo lugar o día 2 de decembro 2014, o tribunal designado pola Orde do 4 de febreiro de 2014 (DOG núm. 33, do 18 de febreiro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as,

ACORDOU:

Primeiro.- Que de conformidade co establecido na base II.1.1.5 da orde da convocatoria, superou o quinto exercicio obtendo a cualificación de apto a aspirante Carla Elena de la Herrán de Blas con DNI 50737479P.

Segundo.- Realizar os trámites oportunos para a publicación da puntuación obtida pola aspirante presentada ao quinto exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia (subgrupo A1), escala superior de estatísticos/as, na Escola Galega de Administración Pública, no taboleiro de anuncios do Servizo de Rexistro Xeral e Información á cidadanía da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)).

Terceiro.- De acordo co disposto na base II.1.2.7 da convocatoria, a aspirante poderá presentar as alegacións que estime oportunas con relación á puntuación no prazo de 10 días a contar desde o seguinte á publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto.- De conformidade co disposto na base III.13 da convocatoria, contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2014

O presidente do tribunal

